

## SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 10 DE XUÑO DE 2.015

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as catorce horas e quince minutos do día 10 de xuño de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DAS SESIÓNS PLENARIAS EXTRAORDINARIAS DE 10 DE ABRIL E 27 DE ABRIL E ORDINARIA DE 27 DE ABRIL DE 2015**

Ponse de manifesto aos membros da Corporación as actas das sesións plenarias celebradas os días 10 de abril e as dúas celebradas o día 27 de abril de 2015.

O concelleiro do BNG fai uso da palabra para advertir que, na acta da sesión plenaria ordinaria do día 27 de abril de 2015 non figuran os motivos que expresou para explicar o abandono da sesión.

O Secretario do Concello infórmalle que, en tanto marchou durante o debate do primeiro punto da orde do día, os motivos exprésanse neste punto da orde do día, dando lectura ao extracto da acta no que se recollen.

O concelleiro do BNG se da por satisfeito neste aspecto, pero advirte que na acta da sesión plenaria do día 10 de abril non se queda constancia de que él afirmou que a razón de ser da proposta de modificación puntual das NNSS é o intento de legalización dunha vivenda cuxa licenza de obra outorgada polo concello foi anulada e sobor a que recae unha orde de demolición da Xunta de Galicia.

O Alcalde afirma que se comprobará no vídeo que se colga na web municipal e, de ser así, se correxirá, e recorda que o acta non é un diario de sesións, senón que se limita a facer constar unha exposición sucinta do debate.

Sométese a votación a aprobación das actas citadas.

Realizada a votación, as actas resultan aprobadas con nove votos a favor e unha abstención pertencente ao concelleiro do grupo municipal do BNG.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as catorce horas e vinte minutos, e da que eu, Secretario, estendo e asino o presente acta.

Asdo.: O Secretario

VºBº; O Alcalde